CONCELLO DE BEADE
P3201100I
Rúa Ribeiro, 28 - 32431 Beade (Ourense)
Telf.: 988 480 034 Fax: 988 480 075 Correo electrónico: info@beade.es

ACTA DA SESION ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE BEADE, CELEBRADA O DIA 29 DE SETEMBRO DE 2026.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Beade, sendo as doce horas e dez minutos do día vinte e cinco de novembro de dous mil vinte e cinco, baixo a Presidencia de D. FERNANDO TABOADA GUNTÍN, reúnense en sesión pública os señores membros do Concello de Beade, que de seguido se citan, para celebrar sesión plenaria de carácter ordinario. Os membros asistentes son os seguintes:

Dª. GABRIELA PÉREZ COSTA
D. JORGE ANTONIO GONZÁLEZ ALARCÓN
Dª. SILVIA RODRÍGUEZ FERRO
D. MIGUEL ÁNGEL CARREIRO ESTÉVEZ
Dª. MARÍA DEL CARMEN RAMA COTELO

Os presentes están asistidos polo Secretario-Interventor Titular do Concello, D. PABLO FERNANDEZ LOUREIRO. Non asiste D. Adán Formigo Sánchez.

Pásase a continuación a trata-los asuntos incluídos na Orde del Día, que resultan ser:

1.- APROBACION DA ACTA DA SESION CELEBRADA CON DATA 28 DE XULLO DE 2026.- Pola Presidencia sométense a votación a acta, dando o seguinte resultado: TRES (3) votos a favor e TRES (3) votos en contra. Realizada unha segunda votación, obtense o mesmo resultado, quedando aprobada a Acta da sesión do 28 de xullo de 2026 polo voto de calidade do Sr. Alcalde.

2.- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.- Dase conta das Resolucións da Alcaldía remitidas aos membros do Pleno coa convocatoria da sesión.

3.- ORZAMENTO MUNICIPAL 2027.- O Sr. Alcalde manifesta, acto seguido, que segundo consta na convocatoria debe procederse o exáme e aprobación, no seu caso, do Proxecto de Orzamento Municipal para o exercicio de 2027 cuxa estrutura acomódase a normativa vixente en materia de Réxime Local, e o seu desenrolo adáptase as prescricións que sinala o artigo 164 e concordantes do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo e R.D. 500/90, do 20 de abril. Encóntranse sobre a mesa os documentos esixidos polo artigo 165 do referido R.D.L. e disposicións complementarias, así como o Ditame da Comisión Especial de Contas, emitido en senso favorable.

Intervén o Secretario para explicar o contido do orzamento que se trae a aprobación polo Pleno:

Dáse conta dos capítulos que compoñen o Orzamento Municipal, de xeito pormenorizado, propoñéndose pola Presidencia a adopción do seguinte acordo:

1.- Aprobar o Orzamento desta Entidade para o exercicio de 2027, cuxa contía queda fixada, tanto en Gastos como en Ingresos, nun total de UN MILLÓN CENTO TRINTA E CINCO MIL TRINTA EUROS (1.135.030,00 €), asignando a cada un dos capítulos as seguintes cantidades:

ESTADO DE GASTOS:

1.- Gastos de persoal	246.880,00 eur.
2.- Gastos correntes en bens e servizos	95.000,00 eur.
3.- Gastos financeiros	1.500,00 eur.
4.- Transferencia correntes	53.000,00 eur.
6.- Inversións reais	738.650,00 eur.
TOTAL ESTADO DE GASTOS	1.135.030,00 eur.

CONCELLO DE BEADE
P3201100I
Rúa Ribeiro, 28 - 32431 Beade (Ourense)
Telf.: 988 480 034 Fax: 988 480 075 Correo electrónico: info@beade.es

ESTADO DE INGRESOS:

1.- Impostos directos	149.500,00 eur.
2.- Impostos indirectos	12.000,00 eur.
3.- Taxas, prezos públicos e outros ingresos	87.030,00 eur.
4.- Transferencias correntes	182.000,00 eur.
7.- Transferencias de capital	704.500,00 eur.
TOTAL ESTADO DE INGRESOS	1.135.030,00 eur.

Resultando, polo tanto, que o Presuposto aprobado non presenta déficit inicial, co que se cumpre o requisito establecido polo artigo 165.4 do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo.

2.- Aprobar as Bases de Execución do devandito Orzamento, redactadas na forma que dispón o artigo 165 do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, así como o cadro de persoal da Corporación, elaborada según as disposicións legais.

3.- Que se expoña o público por prazo de quince días hábiles, a efectos de exáme e reclamacións, conforme o preceptuado no artigo 112.3 da Lei 7/85, do 2 de abril, e que determiña o artigo 169 do xa repetido R.D.L..

4.- Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo se considere definitivamente aprobado, debendo cumplirse o trámite da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia e Taboleiro de Anuncios do Concello, resumido por Capítulos, segundo prescribe o citado artigo 169, e en outro caso operarase de acordo co previsto no mesmo artigo.

Intervén a represen tante de Avide para preguntar se o orzamento non debería ser un borrador, ao que responde o Secretario que se trata dunha proposta de orzamento para a súa aprobación inicial e que posteriormente se vai a expoñer ao público, haberá fase de alegacións e volverá ao pleno para a súa aprobación definitiva. Se non hai alegacións, o orzamento quedaría aprobado definitivamente.

Intervén o Sr. Carreiro Estévez para agradecer que se cumpra a lei en conto aos prazos de presentación do orzamento, pero agradecería que se remitise aos concelleiros con maior marxe de tempo para estudalo, posto que, pola contra, vese obrigado a realizar unha emenda á totalidade, votando en contra.

Rematadas as intrevencións, sométese a votación a proposta da Alcaldía, obténdose o seguinte resultado: TRES (3) votos favor e TRES (3) votos en contra, os dos representantes de Avide e grupo municipal socialista. Sometida a proposta a unha segunda votación, obtense o mesmo resultado, polo que, polo voto de calidade do Sr. Alcalde en senso afirmativo, aprobase a proposta da Alcaldía.

4.- ROGOS E PREGUNTAS.- Neste punto prodúcense as seguintes intervencións:

Pola representante de Avide:

Comenta que se presentaron tres escritos por rexistro. Solicitaron o informe da auditoría de saneamento do Concello, que lle foi remitido e no que se aconsella que os pozos existentes deben recibir un investimento importante para poder adecualos. Pregunta se no orzamento presentado cabe ese gasto orientador de 20.000-40.000 euros. Tamén pregunta por que non se informa do resultado deses informes. Tamén se se ten pensado realizar auditoría da rede de abastecemento de Beade ou se xa se fixo. De feito, ao longo deste mes houbo sobre 4 avarías en Beade e 1 en Regadas, polo que haberá que facer reparacións para que estas avarías non sigan ocorrendo.

CONCELLO DE BEADE
P3201100I
Rúa Ribeiro, 28 - 32431 Beade (Ourense)
Telf.: 988 480 034 Fax: 988 480 075 Correo electrónico: info@beade.es

Outra das solicitudes foron as contratacións do persoal de mantemento. Pregunta por que non se publicou na web do Concello. Habería que dar opción a todos os veciños de Beade e non só aos 4 rexistrados nas oficinas do Inem. Estes operarios non están cualificados para obras de fontanería e electricidade porque foron contratados como peóns forestais e de caza. Así, sobre a empregada Noelia, e en relación ao comentado no pleno anterior, indícase que, aínda que realice actividades variadas no Concello, a súa función non sería a de cortar a auga, alén de que xa sufriu dous accidentes eléctricos. Suponse que alguén debe ter responsabilidade ao respecto. Suponse que deberían estar a limpar camiños e tendo ao pobo en condicións de viabilidade e limpeza.

Na terceira solicitude pregunta por un cartel posto no Regueiro sobre a rehabilitación de edificio multiusos, pero respóndeselle cun cartel da obra de Regadas con outra cantidade e obra diferente.

Tamén comenta que se está facendo unha obra na Regueira e quería saber que se está facendo, se ten proxecto técnico ou informe para que se leve a cabo e se está correctamente feita.

Sobre a reparación nas escolas, pregunta que obra está a levarse a cabo e que empresa se encarga.

Pregunta cando se van a poñer a funcionar as placas solares, porque este trimestre pagáronse sobre 7.000 euros de subministración de luz. Pregunta polo problema que hai para que as placas non estean a funcionar.

Indica que hai pagos iguais do 30 de xuño e 31 de xullo, os pagos a Seguridade Xapón están duplicados.

Pregunta polo pago á mancomunidade de 9.000 euros. Se é toda a cantidade debida neste exercicio, ao que lle responde o Secretario que si, aínda que é certo que falta a liquidación final. Sobre a devandita liquidación, Silvia pregunta como pode ter coñecemento dela, pois lle gustaría formar parte das reunións na Mancomunidade, pero a alcaldía non accedeu a iso e non se lle informou.

Pregunta sobre o gasto de copias de 2390 euros para o evento de viño, ao que se lle responde que foi un erro de grafía, que se trata da compra das copas.

Pregunta sobre o honorario a un letrado por importe de 530 euros. Pregunta para que procedemento se contratou a un avogado.

Pregunta que é a cota de FEGAMP. Respóndeselle que é a Federación Galega de Municipios e Provincias.

Responde a Alcaldía que este ano xa se fixeron investimentos en saneamento e que se seguirán realizando o ano que vén. Realizar a auditoría é un requisito que se pon nalgunhas axudas para posteriormente poder realizar obras ao respecto. Empregarase tanto orzamento propio como subvencións da Xunta. Tamén existe unha auditoría sobre abastecemento, que era anterior á entrada deste goberno. As avarías que se levan tido son moitas, pero se se mira a auditoría, non hai un abastecemento tan sumamente vello. Algúns dos tramos que se están rompendo son novos e rómpense sen avisar. As avarías adoitan aparecer en momentos de seca.

Sobre as bases de contratación do Aprol e forma de contratar, séguese o procedemento estipulado, como todos os anos. Pídense candidatos ao Inem e eles mandan candidatos para o posto.

O cartel do Regueiro está mal posto. Xa se dixo á empresa que o fose a cambiar. Ese cartel é de Regadas. Na obra de Regadas aparece outro porque primeiro se pediu unha subvención para facer unha sala de catas e posteriormente saíu outra liña de subvención para illar o edificio, que tamén se concedeu e executou. Son dúas subvencións diferentes para o mesmo edificio.

A obra da Trigueira é unha captación de augas.

CONCELLO DE BEADE
P3201100I
Rúa Ribeiro, 28 - 32431 Beade (Ourense)
Telf.: 988 480 034 Fax: 988 480 075 Correo electrónico: info@beade.es

A reparación das escolas é cambiar as varandas. Fíxose con diñeiro do concello. Solicitouse unha axuda á Xunta para corrixir impactos paisaxísticos, pero respondeu que o cambio de varandas non entraba na orde, polo que se fixo a conta do concello.

É verdade que se esta esperando a que Fenosa enganche as placas solares. Espérase que non se tarde moito máis. Hai que esperar pola compañía, non hai máis solución.

Sobre o procedemento xudicial, indícaselle que pode ver o expediente, que se trata dunha denuncia de José Alberto Rodríguez González para que se lle instale a rede de saneamento. O custo da obra era excesivamente alto, polo que inicialmente o concello denegouno e o asunto levouse a xuízo.

A representante de Avide volve preguntar se está previsto gasto de saneamento no novo orzamento e respóndeselle que si, tanto con diñeiro da Xunta como propio do concello.

Debátese sobre se os concelleiros teñen quenda de replica no apartado de rogos e preguntas, manifestando a Alcaldía que non existen turnos de réplica.

A representante de Avide non está de acordo coas respostas do Alcalde polo que pide que conste en acta a súa postura. Pregunta por que non respondeu a cuestión sobre os traballos dos operarios que non son da súa incumbencia.

A Alcaldía reposta que tivemos lesionado un tempo ao operario de mantemento, polo que os demais traballadores botaron unha man. A alternativa era contratar unha empresa externa, pero non todas estaban dispostas a vir. Nalgunhas ocasións contáctase coa empresa de José Antonio.

Tamén se lle lembra a pregunta de quen está realizando a obra das escolas.

Respóndeselle que é un autónomo da zona, Diego Díaz Costa. A el contratóuselle a obra e non se coñece como realizou a xestión nin a quen mandou a realizar a obra.

A represenatente de Avide volve a comentar o tema do arranxo do saneamento de Beade. Considera que non lle parece de recibo que haxa que arranxalo segundo vaian aparecendo avarías. Enténdese que a auditoría é para adiantarse a elas e arranxar a rede.

Interveñen os representantes do grupo municipal socialista:

A Sra. Rama Cotelo considera que o Alcalde se atopa esgotado física e psicoloxicamente, polo que lle recomenda coller vacacións e delegar en Gabriela, que ten demostrado sobradamente estar máis capacitada que el.

Quere matizar que o INEM é unha denominación antiga; agora o organismo que remite os desempregados é o servizo publico de emprego de Galicia. Non quere dicir cal é a argucia que se pode empregar para que cheguen determinados perfís, porque ela tamén a coñece.

No pleno pasado pediuselle que se remita a toda a corporación as funcións da traballadora Noelia Domínguez, e aínda non lle chegaron as funcións. Hoxe pídelle que remita a todos os membros da corporación a listaxe de todos os traballadores do concello e que, á parte de especificar a súa categoría profesional, que se expliquen con detalle cales son as súas funcións.

Tamén pide que a Alcaldía que xustifique o pago da débeda publicada no BOP de 2022. Solicita o xustificante de pago.

Respecto á coroa de flores, pide que reembolse os 200 euros ao Concello de Beade.

Respecto á subvención da igrexa, pregunta de onde procede e a contía económica.

Pregunta se todo discorreu sen problemas no campamento infantil de verán.

Pregunta canto custa o saneamento de José Alberto Rodríguez porque xa se gastaron máis de 500 euros nun contencioso.

Sobre as resolucións de Alcaldía, pregunta onde foi e a que para cobrar as respectivas dietas por desprazamento.

Responde a Alcaldía que os rogos serán tidos en conta.

CONCELLO DE BEADE
P3201100I
Rúa Ribeiro, 28 - 32431 Beade (Ourense)
Telf.: 988 480 034 Fax: 988 480 075 Correo electrónico: info@beade.es

Sobre os impostos, a propia palabra indícao, son obrigatorios, polo que desde 2022 xa está cobrado, sexa por activa ou por pasiva, é imposible que non o teña pago porque llo van a cobrar.

A subvención da igrexa será pagada pola Xunta e o Obispado.

É imposible xuntar nenos e que algún día non haxa algún problema. Hai convivencia e algún problema xorde. Hai unha enquisa de satisfacción que realizou a empresa e pódeselle facilitar.

Remitirase a memoria técnica do arquitecto sobre o saneamento de José Alberto.

Tamén se lle pode entregar a relación de sitios aos que se foi para representar o concello de beade.

Intervén o Sr. Carreiro Estévez para preguntar se xa existe o fin de obra da obra da Rúa Pateira, ao que se lle responde que si, polo que solicita que se poña ao dispor dos concelleiros.

Continúa a súa quenda de rogos e preguntas coa entrega e lectura dun escrito ao Secretario, pedindo que conste en acta, e que de seguido se reproduce:

SR. SECRETARIO DEL AYUNTAMIENTO DE BEADE.

DESEARÍA QUE ADJUNTASE ESTE ESCRITO AL ACTA RESULTANTE DEL PLENO ORDINARIO QUE ESTÁ A CELEBRARSE EN EL DÍA DE HOY EN EL SALÓN DE PLENOS DE ESTA CASA CONSISTORIAL.

SR.ALCALDE .DISPONES YA DEL CERTIFICADO DE FIN DE OBRA DE LA RÚA PATEIRA? SI ES ASÍ DESEARÍA LO MOSTRASES EN EL PRÓXIMO PLENO QUE SE CELEBRE Y SI NO ES ASÍ,CREO QUE DEBERÍAS DE DAR EXPLICACIONES.

IMAGINO QUE TE PARECERÁ NORMAL ,PORQUE ASÍ HAS ACTUADO, EL PRESENTARTE A UNAS ELECCIONES EN ESTE MUNICIPIO CUANDO TIENES DEUDAS CON LA MANCOMUNIDAD TANTO TÚ COMO TU ESPOSA EN EL AÑO 2022.

LA VERDAD ES QUE HAY QUE TENER LA CARA MÁS DURA QUE EL CEMENTO EL SER ALCALDABLE Y FIGURAR COMO MOROSO EN EL PROPIO AYUNTAMIENTO AL QUE TE PRESENTAS POR LAS SIGLAS DE UN PARTIDO POPULAR QUE YA DE POR SÍ DICE MUCHO CON RESPECTO A LO QUE CUANDO DE DINERO SE HABLA.

SIGUIENDO CON EL ASUNTO LEÍ EN LA PRENSA ESCRITA QUE YA HABÍAS SALDADO TÚ DEUDA QUE TENÍAS CONTRAÍDA CON LA MANCOMUNIDAD. SI ES ASÍ SUPONGO QUE NO TENDRÁS PROBLEMA ALGUNO EN MOSTRAR EL DOCUMENTO DE PAGO,MÁXIME CUANDO DICES EN SESIÓN PLENARIA POCO MENOS QUE TE SIENTES ORGULLOSO DE PAGAR RECIBOS CON RECARGO.DESDE LUEGO QUE HAY QUE TENER POCA VERGÚENZA Y RESPETO A ESTE AYUNTAMIENTO Y CONCEJALES PÀRA DECIR SEMEJANTE SANDEZ.

AHORA ME VOY A PARAR EN UN ASUNTO AL QUE ME REFERÍ EN LA ÚLTIMA SESIÓN PLENARIA,ALLÁ POR EL MES DE JULIO. SE TRATA COMO NO DE LOS YA TRISTEMENTE FAMOSOS 200 EUROS QUE DICES QUE COSTÓ LA CORONA DE FLORES PARA LA SEÑORA FINADA Y ABUELA DEL FUNCIONARIO PABLO QUE TRABAJA EN ESTE AYUNTAMIENTO Y SU PADRE PABLO QUE TAMBIEN ES FUNCIONARIO Y SECRETARIO EN EL MISMO Y QUE SE LLAMABA MARÍA PAZ IGLESIAS BALSACH.LA PREGUNTA ES SI HAS DEVUELTO A LAS ARCAS PÚBLICAS DE ESTE AYUNTAMIENTO DICHA CANTIDAD,TAL Y COMO DESDE ESTE PARTIDO POLÍTICO, PSOE, COMO PRINCIPAL PARTIDO DE LA OPOSICIÓN QUE ES ,SE TE PIDIÓ QUE HICIERAS. SI COMO CREO NO LO HAS DEVUELTO, TE PIDO ME INDIQUES EN QUÉ PARTIDA PRESUPUESTARIA ENGLOBAS ESTE PAGO Y ADEMÁS DES UNA SATISFACCIÓN CREIBLE DEL POR QUÉ ESTA SUMA CONSIDERABLE DE DINERO PARA UNA PERSONA QUE NADA TIENE QUÉ VER CON EL PUEBLO.NORMALMENTE EL PAGO DE UNA CORONA COMO DETALLE CARIÑOSO PARA CON LA FAMILIA DE LA FINADA SUELE ASCENDER A 60 EUROS EURO ARRIBA O ABAJO ,PERO 200 NO,SALVO QUE SEAS DE UNA FAMILIA PUDIENTE O EN ESTE CASO EL PRESUPUESTO MUNICIPAL REBOSE DE EUROS,QUE NO ES EL CASO.


CONCELLO DE BEADE
P3201100I
Rúa Ribeiro, 28 - 32431 Beade (Ourense)
Telf.: 988 480 034 Fax: 988 480 075 Correo electrónico: info@beade.es

RECUERDO QUE CUANDO ESTABAS EN CAMPAÑA ELECTORAL VA A HACER CUATRO AÑOS LAS RELACIONES QUE MANTENÍAS TANTO CON LA ALCALDÍA COMO CON EL FUNCIONARIADO NO ERAN TAN AMIGABLES COMO ESTÁS DEMOSTRANDO TIENES AHORA.POR REGLA GENERAL UNA CORONA DE FLORES A LA SUEGRA Y ABUELA DE FUNCIONARIO SE SUFRAGA CON UNA COLECTA ENTRE LOS PROPIOS TRABAJADORES DEL AYUNTAMIENTO.SI A ESO SE SUMA QUE NO PRECISAMENTE SEAN FUNCIONARIOS QUE COBREN POCO SUELDO, DESDE MI PUNTO DE VISTA CREO QUE ES POSIBLE ESTÉS INCURRIENDO EN UNA MALVERSACIÓN DE FONDOS PÚBLICOS Y VAYA POR DELANTE SIEMPRE LA PALABRA PRESUNTAMENTE PUÉS NO TENGO ELEMENTOS DE PRUEBA QUE ASÍ LO CERTIFIQUE,COMO TAMPOCO EL CERTIFICADO CONTRARIO, PERO SÍ TENGO ELEMENTOS MORALES Y ÉTICOS QUE ME DEMUESTRAN QUE ESES 200 EUROS QUE HAS GASTADO CON DINERO PÚBLICO EN LA CORONA DE FLORES NO SE CORRESPONDE CON TU HISTORIAL DE BUENAS MANERAS Y MODALES EN TU ÉPOCA DE CANDIDATO A LA ALCALDÍA. ME PREGUNTO QUÉ HA CAMBIADO EN TU RELACIÓN CON EL FUNCIONARIADO PARA PASAR DE UN EXTREMO AL OTRO.DEL ODIO AL AMOR .

APROVECHO LA OCASIÓN PARA PREGUNTARTE SI HAS TENIDO ALGÚN DETALLE EN NOMBRE DE LA INSTITUCIÓN QUE PRESIDES CON EL PADRE ,FINADO TAMBIÉN HACE ESCASAS SEMANAS ,DEL EXCONCEJAL DE TU MISMO PARTIDO POLÍTICO, CHOLO,EL CUAL CON ESE NOMBRE CARIÑOSO SE LE CONOCE EN EL PUEBLO Y FUERA DE ÉL.SI HAS PUESTO TAMBIÉN UNA CORONA DE FLORES.PREGUNTA.Y CUAL HA SIDO SU PRECIOQUE EN ESTE CASO SÍ QUE SERÍA LO APROPIADO PUES SE TRATA DE UNA FAMILIA MUY CONOCIDA Y VALORADA EN BEADE.

CAMBIANDO DE TEMA LA SIGUIENTE PREGUNTA TRATA SOBRE EL CONTENCIOSO CON EL CARNICERO MANOLO CON EL ASUNTO QUE PARECE SER TENÍA PENDIENTE POR UN TEMA DE COBRO DE AGUA. NOS GUSTARÍA SABER EN QUÉ MOMENTO ESTÁ AHORA MISMO ESTE ASUNTO.SI TIENE AGUA LA CARNICERÍA, SI HIZO PAGO LA PRESUNTA DEUDA CON LA MANCOMUNIDAD,DE QUÉ FORMA, SI FINALMENTE LE EMBARGAN EL SUELDO A SU ESPOSA...EN FIN.

POR LO QUE RESPECTA AL SERVICIO MÉDICO DEL PUEBLO,SERÍA NECESARIO NOS EXPLICASES COMO VA A QUEDAR LA ASISTENCIA MÉDICA EN BEADE.SABEMOS QUE LA ACTUAL DOCTORA SE TRASLADA A LA CIUDAD DE OURENSE.NOS PODRÍAS DECIR SI LA PLAZA QUEDA VACANTE,SI SE VA A CUBRIR CON OTR@ DOCTOR-A, A TIEMPO PARCIAL,TOTAL.Y LA PLAZA DE ENFERMERÍA SABER HASTA QUÉ PUNTO TAMBIÉN QUEDAMOS EN LO QUE EN ASISTENCIA SE REFIERE.DE QUÉ FUENTE PROVIENE LA INFORMACIÓN QUE SE TE PIDE, SI DE LA CONSELLERÍA DE SANIDAD . . . .



Responde a Alcaldía que poñerá a información da rúa Pateira ao seu dispor.

Sobre a ética e a moral, responde que cada un ten unha diferente e vese que non comparten nada. Mandáronse diversas coroas cada vez que morreu alguén relacionado co concello. Cholo xa non era concelleiro e por iso non se lle mandou unha.

Sobre o carniceiro e a auga, trátase dun procedemento administrativo que está a seguir a súa canle, non sabe como está.

Sobre a enfermeira, non supón un problema repoñer a praza e a seguinte medica incorporarase pronto. A información facilítaa Santiago Camba, xerente do Sergas, que é a persoa que se encarga de organizar os médicos nesta zona.

CONCELLO DE BEADE
P3201100I
Rúa Ribeiro, 28 - 32431 Beade (Ourense)
Telf.: 988 480 034 Fax: 988 480 075 Correo electrónico: info@beade.es

Intervén a representante de Avide para indicar que, a colación de dúas preguntas da Sra. Rama Cotelo, xórdenlle dúas novas. Unha delas é se lle parece xusta a non concorrencia de Adán aos plenos sen ningunha xustificación.

Respóndelle o Alcalde que xa esgotou a súa quenda de intervención e que non se deben dar tantos debates na quenda de rogos e preguntas. En calquera caso, respóndelle que non ten parecer ao respecto.

A Sra. Rama Cotelo engade que o Alcalde exerce a violencia institucional, que é tamén violencia machista.

Neste momento da sesión, por parte da Alcaldía levántase a mesma, sendo ás trece horas e trinta minutos, de todo o que, como Secretario, dou fe.

O ALCALDE,

Asdo.: Fernando Taboada Guntín.

O SECRETARIO,

Asdo.: Pablo Fernández Loureiro.